

Capítulo I

Documento 1: plan anual.

Os obxectivos específicos, medidas a desenvolver e recursos previstos para o efecto son:

-Potenciar o funcionamento dos departamentos didácticos e a atención ao alumnado con materias pendentes e dificultades específicas. Algúns departamentos reservarán horas para a atención destes alumnos e alumnas fóra do horario lectivo normal. Ó longo do curso realizaránselles probas cuxo número e periodicidade decidirá cada departamento pero que en ningún caso coincidirán cos do calendario xeral do seu grupo. E, en calquera caso, os exames finais de pendentes ateranse a un calendario elaborado e publicado con suficiente antelación.

-Continuar coas medidas de atención á diversidade. Para o alumnado con maiores dificultades, con agrupamentos específicos e reforzos en 1º e 2º da ESO, con programas de diversificación curricular que este curso só se impartirá en 4º da ESO e desdobres en diversas materias. Neste obxectivo traballan especialmente os titores e o Departamento de Orientación.

Continuar así mesmo co Programa do Diploma do Bacharelato Internacional que tamén é un xeito de atención á diversidade, cun currículo máis esixente para alumnos e alumnas con maior capacidade de traballo, ganas de aprender e de cooperar en tarefas colectivas e en causas solidarias.

-Desenvolver, facer o seu seguimento e avaliar o novo Plan de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación seguindo as directrices do Decreto 229/2011, en canto sexa aprobado polo Consello Escolar a proposta do claustro.

-Fomentar o uso da lingua galega no Centro apoiando as iniciativas que a tal fin elabore o profesorado e o Equipo de Dinamización Lingüística.

-Poñer en marcha unha sección bilingüe de Música en inglés en 2º da ESO co fin de promover o plurilingüismo.

-Impulsar a lectura entre o noso alumnado iniciando o Proxecto Lector, e continuando co Club de Lectura e coas diferentes actividades coas que o equipo da Biblioteca adoita estimular o interese do alumnado polos libros e o cine.

-Afondar no Plan de Integración das Tecnoloxías da Información e da Comunicación fomentando o uso das novas tecnoloxías coa cooperación dun profesor que se ocupará do mantemento dos equipos e de a axudar e asesorar ó profesorado en dificultades .

-Impulsar a convivencia no centro coa aplicación do RRI, co Programa de Mediación Escolar coordinado polo orientador, coa colaboración dos titores e titoras e a actuación dun profesor/a dinamizador/a da convivencia.

-Colaborar cos colexios adscritos ao noso centro para mantendo unha comunicación fluída, sobre todo co seu Departamento de Orientación e facilitando a incorporación do novo alumnado e a súa rápida integración.

-Promover a formación do profesorado para o que contamos cun profesor responsable.

-Impulsar a participación do alumnado na vida do centro a traveso dos delegados e delegadas de curso e os seus representantes no Consello Escolar.

Documento 2: horario xeral do instituto.

O Centro permanece aberto de luns a venres, dende as 9 ata as 14:30 e dende as 16:00 ata as 20:00 de luns a xoves.

No verán, en xullo e agosto, está aberto pola mañá.

Este curso, coa aprobación do Consello Escolar e informada a Administración Educativa, hai un novo **horario lectivo**:

Todas as mañás haberá clases de 9 a 14'30 e só a tarde do luns de 16'30 a 18'10 (e de 18'10 a 19'00 para parte do alumnado de Bacharelato Internacional).

Os mércores haberá clases para o alumnado do B.I. de 16'30 a 18'10 (e de 18'10 a 19'00 para parte do alumnado de Bacharelato Internacional).

As tardes do martes , mércores e xoves a biblioteca permanecerá aberta dende as 16'30 ata as 19 horas.